



A caravana 'airstream' de R completará un periplo de trece localidades galegas en pouco máis dun mes para achegarse presencialmente á xente destas vilas

R chega a Caldas, Ordes, Arzúa e Melide coa súa caravana tecnolóxica + unha proposta lúdica para a xente na rúa

- *O operador galego xa visitou Ortigueira, Cariño, Betanzos, As Pontes, Ribadavia, Celanova e Barbadás coa súa caravana cargada de propostas tecnolóxicas e lúdicas e a innovación dos terminais vivo.*
- *En Caldas, Ordes, Arzúa e Melide, dende mañá e ata o 27 de xuño, o público poderá coñecer, por exemplo, 'internet rural' de R (banda larga con 5G en zonas de acceso difícil) ou o servizo cachocobertura R para interiores con mala conectividade.*
- *R quere manterse preto das persoas interactuando en rúas de vilas onde non sempre hai unha tenda R para lle responder presencialmente á xente de Galicia.*
- *Sobre unha mítica caravana 'airstream' e cunha experiencia integral e próxima, R está a levar a súa oficina, diversión e concursos ás poboacións do periplo.*
- *Entre as propostas lúdicas da caravana, agasallo seguro por atrapar un papel nunha máquina de aire e opción a un 'smartwatch' de vivo.*

Mércores, 17 de xuño de 2026.- A caravana de R é máis do que un vehículo en ruta por Galicia cunha oficina móbil e unha proposta divertida. É unha campaña de proximidade que aposta polo contacto directo coas persoas e que deixará pegada logo de cada parada porque ofrece interacción, diversión e servizos avanzados.

O operador galego púxose en ruta a finais de maio para chegar ás localidades coruñesas de Ortigueira, Cariño, Betanzos e As Pontes, primeiro, e ás ourensás de Ribadavia, Celanova e Barbadás, despois. Dende mañá xoves **recalará coa súa caravana 'airstream' en Caldas** (días 18 e 19), **Ordes** (día 20), **Arzúa** (22 e 23) e **Melide** (25, 26 e 27), e rematará o seu periplo a principios de xullo na Estrada e máis en Cambados.

Porque Galicia é un territorio diverso e extenso, con 313 municipios repartidos entre costa, interior, rías e montaña. E esta complexidade orográfica pode dificultar a aproximación a clientes/as unicamente a través de oficinas físicas no territorio. **R** non esquece esta realidade de Galicia e, no canto de esperar a que se achegue a xente, sae ao seu encontro alí onde as persoas pasean, conversan, compran e se relacionan.

Cobertura máxima, banda larga con 5G e xogos para todas/os

No interior da caravana o público pode coñecer as propostas tecnolóxicas de **vivo e os seus terminais e informarse da oferta completa** de servizos avanzados de **R**, onde a conectividade vai sempre por diante.

Por exemplo, o servizo **cachocobertura R**, pensado para inmobles onde, malia o esforzo investidor despregado durante décadas, o sinal móbil non pode penetrar axeitadamente por causas estruturais: muros moi grosos, sotos, locais interiores, edificacións antigas ou con materiais que atenuan o sinal e outras situadas en zonas de especial complexidade arquitectónica ou urbanística. A solución de **cachocobertura** facilita, xusto aí, **cobertura móbil real**, cun repetidor móbil propio autoinstalable dentro da vivenda ou empresa ('femtocelda'). Parellamente, o **servizo VoWiFi** de **R** pode tamén optimizar a cobertura mediante as opcións dispoñibles nos dispositivos para facer **chamadas de calidade onde non hai cobertura móbil** abonda pero si rede wifi operativa.

Nos vindeiros días, os habitantes de Caldas, Ordes, Arzúa e Melide poderán coñecer igualmente na caravana os detalles do servizo 'internet rural' de **R**, solución de **banda larga a través de 5G** (co "mambo *Axiñd'*") para ofrecer alta velocidade e wifi 6 ás poboacións de aldeas e lugares onde non é posible levar a fibra óptica. Preto de 300 municipios galegos xa dispoñen deste servizo e poden gozar de velocidades de ata 1 Gbps, usar múltiples dispositivos á vez, traballar en remoto ou ver a televisión coa máxima calidade.

Esta e calquera outra información sobre os servizos do operador galego chegará a cada localidade da ruta xunto a unha **proposta lúdica**. Así, "un papel que vale un agasallo" grazas a unha **máquina que lanza papeis ao aire**: quen dea atrapado un deles pode gañar un premio directo e participar no sorteo dun *smartwatch* de **vivo**.



E en paralelo, **concursos previos por provincia en redes sociais** que anunciarán a parada seguinte da ruta para xerar expectativa e convidar a adiviñar o destino máis próximo.

Un compañeiro de viaxe moi ...‘vivo’...

vivo, unha das tecnolóxicas máis innovadoras do mundo e socio tecnolóxico de **R** no periplo galego coa caravana ‘airstream’ máis vangardista, viaxa desta volta cunha **oferta especial, exclusiva para a ruta** e só xestionada no propio vehículo.

R e **vivo** reforzan, con esta acción para as persoas, valores compartidos de innovación, calidade e experiencia ao servizo da conectividade. Porque a viaxe sempre mellora en boa compañía.

... e unha caravana mítica

R elixiu, para esta ruta, un vehículo mítico, rechamante e accesible que trae a xente ao seu rego e, sobre todo, xera conversa. Funciona, ademais, como oficina móbil aberta e visible, facilitando a interacción coas persoas e ese trato humano que sempre estará por riba de calquera innovación tecnolóxica.

Aquí, máis curiosidades da popular caravana estadounidense nada nos anos 30 do século XX:
<https://es.wikipedia.org/wiki/Airstream>



comunicación R
prensa@mun-do-r.net
R.gal